



Había unha vez un colexio nun planeta moi lonxano.

Era un colexio moi doce porque estaba feito de lambetadas.

Un día, o colexio recibe dous nenos doutro planeta: eran Xan e Sabela. Os dous quedaron marabillados e con moitas ganas de comer o colexio!

Os primeiros días descubriron todas as aulas e espazos do colexio. O país estaba dividido en tres partes: unha piscina de batido de limón con tobogáns de chocolate, a zona de xogos estaba construída con caramelo e algodón de azucre e había un horto de piruletas e regalicia. As aulas tiñan paredes de gominola e cadeiras e mesas de galleta. Utilizaban xices de azucre para escribir nos encerados e as portas eran de chicle.

De repente, un día, comezou a subir moito a temperatura. Que calor! O problema foi cando o colexio comezou a se derreter. Xan e Sabela non o podían crer!

Con todas as lambonadas derretidas formouse unha masa viscosa e pegañenta que comezou a crecer máis e máis ata que se converteu nun monstro enorme cun ollo vermello e miles de dentes brancos. Xan e Sabela tiñan moito medo dese monstro pois non sabían o que era capaz de facerlles.

Ao final, o monstro resultou ser moi bo pois estaba feito de todas as lambonadas máis doces do mundo así que colleu a Xan e Sabela no seu colo de nubes de algodón e decidiron reconstruír o colexio xuntos.

Le o texto con atención e responde:

- Onde estaba este colexio?

- De que materiais estaba feito o colexio?

- Que lle pasou ao colexio cando subiu a temperatura?

- Que pasou ao final?

Utiliza a túa IMAXINACIÓN E CREATIVIDADE

- Escribe como sería o teu colexio ideal e fai un debuxo con todo detalle.